



ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO E INTERPRETACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE JUDO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA E PREPARACIÓN DO PROGRAMA RÍO 2016 (XOGOS OLÍMPICOS)

LUGAR: Sala de Xuntas da S.X. para o Deporte

DATA: 6 de abril de 2015

HORA DE COMEZO: 12:30 h.

HORA DE REMATE: 13:15 h.

ASISTENTES

Dona Laura Mosquera Escudero, subdirectora xeral de Plans e Programas e Don Sebastián Selas Díaz, xefe de servizo de Deporte Escolar, en representación da Secretaría Xeral para o Deporte.

Don Mario M. Muzas Cobo, presidente e Don José Ramón López Gacio, director técnico, en representación da Federación Galega de Judo.

ORDE DO DÍA

1. Adenda ao convenio trianual asinado coa Federación Galega de Judo no ano 2014 pola que se procede á reestruturación do cadro de financiamento que figura no convenio como anexo I e á modificación de varias cláusulas do texto do convenio.
2. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS:

A subdirectora xeral de Plans e Programas informa de que co obxecto de concretar a preparación cara a Río 2016 a Secretaría Xeral para o Deporte vese obrigada a facer unha modificación do anexo I sen que ésta supoña variación na contía asignada no mesmo, aínda que se establecerá un reparto económico diferente nos programas de actuación por parte da Federación Galega de Judo así como una relación concreta dos deportistas galegos que conforman o grupo de preparación cara as Olimpíadas de Río 2016.

ROGOS E PREGUNTAS

Non hai rogos e preguntas.

ACORDOS

1. Acórdase reestruturar o cadro de financiamento que figura no convenio como anexo I co seguinte detalle:



PROGRAMAS	2015	2016
Gastos Xerais de Funcionamento	20.000 €	20.000 €
Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria	25.000 €	25.000 €
Programa de Tecnificación e Rendemento	42.860 €	42.860 €
Grupo Especial de Alto Rendemento – Programa Río 2016 -María Bernabeu Avomo (70 Kg) -Alejandro Sanmartín Carrera (100Kg) -Tecla Cadilla Acevedo (57 kg) -Sergio Trillo Valeiro (100 Kg)	6.000 €	6.000 €
Actividade deportiva en Idade Escolar	10.985 €	10.985 €
TOTAL:	104.845 €	104.845 €

2. Incorpóranse na cláusula número catro do convenio as seguintes obrigas da Federación:

4.3. Con anterioridade ao primeiro dos pagos en cada anualidade da presente subvención, a Federación dará cumprimento ao establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a través da inclusión da información na web federativa, no caso de que esta federación deportiva estea suxeita ao establecido no artículo 3 b) da devandita lei, recibindo durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros o cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros (Anexo VI)

4.4. Deberán velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumprir o establecido na lei 197/2007 do 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

4.5. Deberán colaborar, fomentar y facilitar a participación no deporte das persoas con alguna discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

3. Incorpórase na cláusula sexta do convenio, xustificación da subvención, as seguintes:

6.6. No caso de asinar a Federación un convenio de colaboración con algún club deportivo para que desenvolva ou organice actividades deportivas ou competitivas, deberá achegarse dito convenio así como a relación de facturas xustificativas (ou certificación de gastos por parte da



entidade), abonadas polo club, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia.

6.7. No caso de facturas que superen o importe de 9.000€, deberán achegarse al menos tres orzamentos de tres empresas diferentes e a xustificación da empresa elixida. Os orzamentos deberán solicitarse, e estar datados, con fecha anterior á contratación pola federación.

4. Incorpóranse na cláusula sétima do convenio, gastos subvencionables, as seguintes modificacións:

Apartado c): O programa de “Tecnificación e Rendemento – Programa Rio 2016”, pasa a denominarse programa de “Tecnificación e Rendemento”, por estar Rio 2016 incorporado noutro programa.

Apartado d): No programa “Grupo especial de alto rendemento – Programa Rio 2016”, inclúense como gastos subvencionables os detallados a continuación:

Os gastos xustificadas neste programa farán referencia ao grupo de deportistas vinculados o grupo especial alto rendemento Programa Rio 2016, comprendéndose os seguintes gastos:

- a. Persoal técnico deportivo (salarios, IRPF, Seguridade Social): Director técnico, adestradores, e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc).
- b. Gastos de aloxamento e manutención dos deportistas incluídos no programa: aluguer, mantemento, consumos auga, electricidade e gas.
- c. Material deportivo (non inventariable) e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos no programa.
- d. Gastos de desprazamento e manutención das concentracións, adestramentos e competicións.
- e. Gastos de combustible derivados dos desprazamentos relacionados coa práctica deportiva.

5. Incorpórase na cláusula oitava do convenio, gastos non subvencionables, as seguintes modificacións

- g) Os premios en metálico ou obsequios a deportistas.
- h) As axudas económicas a deportistas. Poderanse excepcionar aquelas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión. Estas axudas deberán ser de igual contía para homes que para mulleres nos mesmos niveis deportivos.
- i) As axudas económicas a entidades. Poderanse excepcionar aquelas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión.

6. Incorpóranse o anexo VI coa certificación de cumprimento coa Lei 3 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno da federación.



ANEXO VI

Don/Dona

Secretario/a da Federación Galega de _____

CERTIFICA:

que segundo o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a través da inclusión da información na web federativa, esta federación deportiva;

SI

NO

está suxeita ao establecido no artigo 3 b) da devandita lei,

recibindo durante o período do **ano 2014**, axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros

ou cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

E para que conste, expido o presente certificado,

En

a

de

de 2015

O Secretario

Visto e prace,

O Presidente



Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión.

A subdirectora xeral de Plans e Programas



Laura Mosquera Escudero

O xefe de Servizo de Deporte Escolar



Sebastián Selas Díaz

O Presidente da Federación Galega de Judo

Mario M. Muzas Cobo

O director técnico da Federación Galega de Judo

Judo

José Ramón López Gacio



Complexo Polideportivo de Elviña
 Avda de Glasgow 13
 TLF 981 33758 FAX 981 132440
 15008 A CORUÑA



Complexo Polideportivo de Elviña
 Avda de Glasgow 13
 TLF 981 33758 FAX 981 132440
 15008 A CORUÑA